

1. De Franco a Suarez. Consolidación da democracia.

a. Tras a morte do Franco, **__Xoán Carlos I__** foi coroado como rei de España, **__Xefe do Estado__**, que buscou instaurar un **__sistema democrático__**.

Mantivo como xefe de Goberno a **__Carlos Arias Navarro__**, nomeado en 1974.

Pero o avance cara a democracia era **__demasiado lento__** e a oposición manifestou o seu descontento e en xullo de 1976, o rei forzou o xefe de Goberno a dimitir. Sucedeuno na presidencia do Goberno **__Adolfo Suárez__**, que levou a cabo unha serie de reformas que abriron o camiño cara á implantación do sistema democrático en España.

O primeiro paso foi a aprobación da **__Lei para a Reforma Política__** (76), apoiada en referendo. Despois, o Goberno de Suárez decretou unha **__amnistía__** para os presos políticos, legalizou os partidos políticos, incluído o **__Partido Comunista__**, e convocou eleccións para xuño de 1977.

b. Ordena por escanos os 4 primeiros partidos das eleccións do 77? Cantos escanos obtiveron?
UCD (165), PSOE-PSC (118), AP (16) e PCE (12).

Algún obtivo maioría absoluta? En cantos escanos estaba esa maioría absoluta?

Había 350 escanos en xogo polo que a maioría absoluta estaba en 175.

Ningún partido chegou a 175 (o vencedor das eleccións foi a UCD con 165).

c. Enumera os tres principais acordos que permiten falar de “unha política de consenso”:

- Os partidos e os sindicatos asinaron os Pactos da Moncloa para abordar a grave crise económica.
- Redactouse unha Constitución democrática (1978).
- Acordouse un sistema autonómico e se concederon os primeiros Estatutos de Autonomía.

d. Quen vence nas eleccións de 1979? Vence de novo a UCD

Quen gobernará tras a dimisión de Adolfo Suárez? Leopoldo Calvo Sotelo

e. Que sucede o 23 de febreiro de 1981? Explica.

Na sesión de investidura de Leopoldo Calvo Sotelo produciuse un intento de golpe de Estado.

A actuación do rei e a falta de apoio dos partidos e da poboación fixo que o golpe fracasase.

2. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías. Completa.

A Constitución de 1978 recolle, entre outros, os seguintes principios:

- España defínese como un **__Estado social e democrático de dereito__**.
- Recoñécese que a **__soberanía nacional__** reside no pobo español, que elixe os seus representantes no Goberno mediante sufraxio universal en **__eleccións libres__**.
- A forma política do Estado é a **__monarquía parlamentaria__**
 - O rei é o **__xefe do Estado__**.
- Establécese a **__separación de poderes__**
 - as Cortes Xerais (Congreso e o Senado), exercen o **__poder lexislativo__**;
 - o Goberno, o **__poder executivo__**; e
 - os xuíces e maxistrados, **__o poder xudicial__**.
- Afírmase a unidade do Estado español, pero prevese a posibilidade de que se creen **__Comunidades Autónomas - CC.AA__**.

Hoxe, España está constituída por **__Comunidades e dúas Cidades Autónomas__**.

Cada unha co seu **__Estatuto de Autonomía__**, que recolle o territorio, institucións, competencias.

3. A política interior dos gobernos do PSOE.

a. Quen gañará as eleccións de 1982? O PSOE

Quen será o novo Presidente do goberno? Felipe González.

b. Sintetiza a política interior dos Gobernos socialistas dende o 82 o 96.

Os Gobernos socialistas levaron a cabo numerosas reformas que modernizaron:

- Ampliouse o Estado do benestar. Os servizos sociais públicos estendéronse a toda a poboación.
- Realizáronse obras públicas que melloraron a rede de transportes.
- Reformouse a economía mediante unha dura política de axuste e reconversión industrial.

c. Enumera as razóns da perda de popularidade dos gobernos socialistas a finais dos 80.

O empeoramento da situación económica, o aumento do desemprego e os escándalos de corrupción política e o escándalo dos GAL, destinados a combater a ETA.

d. Que sucede no ano 86 en España relacionado ca OTAN e ca CEE? Explica.

- España incorporouse á OTAN en 1982 pero en 1986 o Goberno socialista someteu a permanencia na OTAN a unha consulta popular. Gañou o si por unha pequena marxe.
- En 1985 España asinou o Tratado de Adhesión a CEE, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1986.

4. Galicia no s. XX.

a. Que partidos políticos galeguistas había na república? Quen eran os seus líderes?

A Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), dirixida por Casares Quiroga, e o Partido Galeguista, dirixido por Castelao e Alexandre Bóveda.

En que dous anos se aproban os dous estatutos de Galicia? En que período histórico se sitúan?

- Durante a IIª República, en 1936; e en 1980, na Transición.

O 1º Estatuto galego non tivo aplicación práctica pero vai ser moi importante no 78. Explica.

Gracias ao Estatuto do 36 foi considerada nacionalidade histórica e foi a 3ª CCAA en ser constituída.

d. Segundo o Estatuto, as **institucións do poder galego** do poder galego son:

- O **Parlamento de Galicia** é o poder **lexislativo** , composto por **75 deputados** , elixidos por sufraxio universal e por provincias.
- A **Xunta de Galicia** é o poder **executivo** e cabeza da Administración autonómica, cun Presidente elixido polo Parlamento.

Os primeiros gobernos da Xunta foron presididos por **Xerardo Fernández Albor** , de **Alianza Popular** , que despois se chamou Partido Popular, e foi a etapa de organización de toda a estrutura administrativa da Autonomía.

En 1989 gañou as eleccións o PP e o seu candidato, **Manuel Fraga Iribarne** , foi presidente da Xunta entre **1990 e 2005** . Durante estes anos aumentaron as competencias do goberno Galego. Entre 1987 e 1990 gobernou o socialista **F. González Laxe** , único período que non gobernou o PP.